

CRITERIOS DE VALORACIÓN PARA A CONTRATACIÓN EN RÉXIME DE LABORAL TEMPORAL DE INFORMADOR/-RA TURÍSTICO/-A PARA O CONSORCIO DE TURISMO RIBEIRA SACRA AO ABEIRO DA RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN A CONCELLOS DECLARADOS MUNICIPIOS TURÍSTICOS E A XEODESTINOS DE GALICIA PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL NAS OFICINAS DE TURISMO 2018.

PRIMEIRA.- OBXECTO

1.- Aplicaranse estes criterios de valoración para regular a contratación en réxime de persoal laboral-temporal, a xornada completa dun/dunha **TRABALLADOR/-A** como **INFORMADOR/-RA TURÍSTICO/-A** para realizar as seguintes funcións:

- Atención de solicitudes de asesoramento e información turística a través de teléfono, correo postal, correo electrónico e redes sociais.
- Entrega de material de información turística a oficinas de turismo de Galicia e preparación de envíos por mensaxería.
- Actualización de soportes de información do Consorcio de Turismo.
- Participación na creación de novos soportes de información do Consorcio de Turismo.
- Atención de stands de información turística en feiras, congresos, etc.
- Elaboración de catálogo fotográfico de Ribeira Sacra.
- Confección de estatísticas sobre as demandas de información.
- Outras relacionadas que lle sexan encomendadas pola presidencia ou a xerencia.

2.- A selección farase por concurso de méritos entre os/as candidatos/-as que presenten instancia para a participación no procedemento de contratación e que estean inscritos/-as no Servizo Público de Emprego de Galicia con respecto dos principios de publicidade, concorrencia, igualdade, mérito e non discriminación.

3- Entre os/as candidatos/-as admitidos/-as e non seleccionados/-as farase unha bolsa de emprego ordenada pola puntuación obtida para a cobertura das vacantes que se produzan nos postos de traballo obxecto do contrato.

SEGUNDA.- RELACION XURIDICA DO/DA TRABALLADOR/-RA CO CONSORCIO DE TURISMO RIBEIRA SACRA E PERÍODO DE CONTRATACIÓN

1.-A contratación realizarase na modalidade de persoal laboral – temporal eventual, para realizar tarefas de información turística no Consorcio de Turismo.

2.-A duración e xornada do contrato será conforme o seguinte:

- PERÍODO 15/06/2018-15/09/2018 (ambos inclusive)

- XORNADA: De luns a sábado en horario 09:00-15:00horas en Sede Administrativa (Luintra, Nogueira de Ramuín)ou en sede de Presidencia (Sober), segundo as necesidades.

TERCEIRA.- CARACTERÍSTICAS DO POSTO DE TRABALLO

1. Número de prazas: 1
2. Categoría profesional: TÉCNICO EN TURISMO
3. Duración: 15/06/2018-15/09/2018
4. Contrato laboral a formalizar: LABORAL-TEMPORAL
5. Xornada laboral: 6 horas/día de luns a sábado
6. Retribucións brutas totais: 4.004,23 euros

CUARTA.- CONDICIÓN E REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

Para poder participar no presente concurso de méritos, os aspirantes deben reunir os seguintes requisitos:

- a) Estar inscrito como demandante de emprego **NON OCUPADO** no Servizo Galego de Colocación **no momento da presentación da oferta e no momento de formalización do contrato.**
- b) Ser español ou cidadán dalgún Estado membro da Unión Europea nos termos establecidos no artigo 57 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do estatuto básico do empregado público, así como estranxeiros con residencia legal en España.
- b) Ter cumpridos os 18 anos de idade e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa
- c) Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o correcto desenvolvemento das correspondentes funcións.
- d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo do Estado, Comunidades Autónomas ou Entidades Locais, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.
- e) Non estar incurso en causa de incompatibilidade de acordo co establecido na Lei 53/1984 do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal servizo das Administracións Públicas.
- f) Titulación esixida:
 - ✓ Técnico/a superior en información e comercialización turística.
 - ✓ Técnico/a superior en guía, información e asistencia turística.
 - ✓ Técnico/a en empresas e actividades turísticas.
 - ✓ Grao ou diplomado/-a en turismo ou equivalente homologado

QUINTA.- CANDIDATOS/-AS

Remítirase a oferta aos 21 Concellos do Consorcio de Turismo vía correo electrónico para a súa publicación nos seus respectivos taboleiros de anuncios e publicarase tamén na páxina Web do Consorcio de Turismo www.ribeirosacra.org/turismo durante sete días naturais. Insertarase anuncio nos diarios La Región (Ourense) e El Progreso (Lugo).

As solicitudes dos/das candidatos/-as presentaranse segundo modelo (Anexo I) en calquera das seguintes dependencias do Consorcio de Turismo Ribeira Sacra:

- ✓ Sede de Presidencia: Concello de Sober, Praza do Concello s/n - 27460 Sober, en horario de luns a venres de 09:00 a 14:00 horas.
- ✓ Sede Administrativa: Concello de Nogueira de Ramuín, Luintra 3 - 32160 Nogueira de Ramuín (Ourense) en horario de luns a venres de 09:00 a 14:30 horas.

A solicitude irá acompañada de fotocopias compulsadas e /ou certificados que se indican no modelo.

SEXTA.- CRITERIOS DE SELECCIÓN, PUNTUACION E XUSTIFICACION

Unha vez presentadas as solicitudes dos/das candidatos/-as procederase á valoración tendo en conta os seguintes criterios:

1.- Mulleres

- ✓ As beneficiarias do programa de fomento da inserción laboral das mulleres vítimas de violencia de xénero teñen prioridade absoluta.
- ✓ En xeral: 1 punto

2.- Idade

- ✓ 18-29 Anos: 1 puntos
- ✓ 30-45 Anos: 0,5 punto
- ✓ 45 ou máis anos: 1,5 puntos

3.- Discapacidade

Minusvalía > 33 %: 1 punto

4.- Protección por desemprego

- ✓ Perceptores de desemprego: 0,5 puntos
- ✓ Perceptores de subsidios, RAI, PREPARA, ACTIVA: 1 punto
- ✓ Non perceptores: 1,5 puntos

5.- Tempo de desemprego dende o último traballo (Segundo tarxeta demandante emprego)

- ✓ Menos de 12 meses: 0,5 puntos
- ✓ Máis de 12 meses: 1 Punto
- ✓ Máis de 18 meses: 1,5 Puntos

6.- Pertenza a colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social

- ✓ Perceptores de RISGA e aqueles que lles fose denegada unha solicitude, ben por falta do período esixido de residencia ou empadramento, ou ben por esgotar o período máximo de percepción legalmente establecido.
- ✓ Drogodependentes rehabilitados acreditados, exreclusos, persoas que abandonaran o exercicio da prostitución, traballadores inmigrantes residentes da comunidade, emigrantes retornados con graves necesidades familiares ou persoais, mulleres procedentes de casas de acollida con problemas de inserción laboral, persoas que

estivesen ata a súa maioría de idade baixo a tutela ou garda da Administración Autonómica, e persoas que formen parte de minorías cuxas características poidan condicionar as súas posibilidades de integración social

1 punto

7.- Responsabilidades familiares/unidade familiar de convivencia

- ✓ Unidade familiar de 3 ou máis membros: 1 punto
- ✓ Por fillos a cargo: 1 punto

8.- Formación académica e complementaria

- ✓ Mestrado en Turismo 3 puntos
- ✓ Titulación de Formación Profesional noutra rama do Turismo 2 puntos
- ✓ Coñecemento, mediante acreditación dos idiomas francés, italiano, alemán ou portugués (nivel avanzado B2 ou equivalente); 1 punto por cada idioma. Máximo 4 puntos.
- ✓ Coñecemento, mediante acreditación doutros idiomas; 0,5 puntos por cada un. Máximo 2 puntos.
- ✓ Acreditación de cursos de atención ao público de máis de 10 horas. Máximo 1 punto
- ✓ Expediente académico: Máximo 2 puntos (7-8 puntos sobre 10 – 1,5 puntos; 9-10 puntos sobre 10 – 2,5 puntos)
- ✓ Experiencia (segundo o establecido máis arriba) pero con máximo de 2 puntos e 1 punto

A actividade formativa deberá ser acreditada co título ou certificado correspondente emitido pola Administración Pública ou entidade privada homologada onde se indique a duración de horas da actividade. Cando o documento acreditativo non especifique o número de horas otorgaráselle a puntuación mínima. Se a duración da actividade se indicase en créditos, cada un deles imputarase a 10 h.

09.-Experiencia profesional relacionada. (Ata un máximo de 5 puntos).

- ✓ Por cada mes de traballo na Administración Local, traballos idénticos ou semellantes: 0,15 puntos/mes
- ✓ Por cada mes de traballo noutra Administración, traballos idénticos ou similares: 0,10 puntos/mes
- ✓ Por cada mes de traballo en empresas privadas relacionadas co sector turístico: 0,05 puntos/mes.

Forma de acreditación de méritos:

- ✓ Vida Laboral.
- ✓ Copia de contratos (experiencia)

10.- Proba de aptitude (fase de oposición)

Cuestionario composto por 20 preguntas; 10 preguntas serán tipo test e 10 preguntas de tipo aberto e de resposta curta. Alternaranse preguntas en galego, castelán e inglés. As cuestións

estarán relacionadas coa oferta turística da Ribeira Sacra: localización xeográfica, patrimonio histórico-artístico e natural, cultura e tradicións, rutas de sendeirismo, aloxamentos e outras instalacións turísticas públicas e privadas. Tamén se contemplarán aspectos xerais do destino Ribeira Sacra.

Para pasar á fase de entrevista será necesario contar cun 50% de respostas correctas.

* Valoración: 10 puntos

11.- Entrevista e adecuación ao posto de traballo (fase de oposición)

Nesta fase, obrigatoria realizaranse preguntas relacionadas cos méritos alegados e/ou con aspectos turísticos do xeodestino Ribeira Sacra.

A entrevista poderá ser realizada, usando os idiomas que o/a aspirante manifestou coñecer.

* Valoración: 5 puntos

SÉTIMA.- VALORACIÓN CURRICULAR E MÉRITOS DOS/DAS ASPIRANTES Á PRAZA OFERTADA.

O prazo para a presentación de solicitudes rematará o día 6 de xuño de 2018.

Unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes como aspirantes, procederase á valoración curricular e méritos de todos/as aspirantes ó posto de traballo ofertado.

Convocarase ós/ás aspirantes que cumpran os requisitos mínimos para a proba de aptitude e, de ser o caso, para a entrevista cun prazo mínimo de 2 días.

Concluídas as fases de oposición e concurso, o Presidente dictará resolución aprobando a lista provisional dos aspirantes admitidos.

OITAVA.- PROPOSTA DE CONTRATACIÓN E LISTA RESERVA

1. Concluídas as fases de oposición e concurso, a valoración final, aprobarase mediante Resolución de Presidencia a relación de aspirantes por orde de puntuación final, con especificación da mesma, e elevará a correspondente proposta de contratación a favor dos aspirantes que obtiveron a puntuación máis alta.

2. De se producir empate na puntuación final resolverase tendo en conta a experiencia profesional en traballos similares na administración local.

3. Elaborarase, tamén por orde decrecente de puntuación, unha listaxe provisional para ser contratados en caso de que o/a seleccionado/-a cese no seu posto antes do remate do contrato e polo tempo que reste para a cumprimentación do mesmo, no caso de baixa temporal ou por necesidade xustificada do servizo.

4. No caso de que os/as aspirantes seleccionados/-as non cheguen a formalizar o contrato de traballo, o órgano convocante poderá sustituílo/-a polo/-a seguinte na orde de puntuación da lista complementaria de reserva, segundo a orde de puntuación acadada, de conformidade co previsto no artigo 61.8 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Emprego Público.

NOVENA.- CAPACIDADE

1.- Os/As aspirantes seleccionados/-as deberán presentar na Secretaría-Intervención do Consorcio de Turismo Ribeira Sacra (Sede Administrativa), no prazo de dous días hábiles contados a partir do seguinte ó da publicación da lista coa puntuación definitiva no taboleiro de anuncios dos Concellos do Consorcio de Turismo e páxina Web do Consorcio de Turismo www.ribearasacra.org/turismo, a seguinte documentación:

- a) Declaración xurada de cumprir cos requisitos necesarios para contratar coa Administración Pública, así como de non estar incurso en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade previstas na lexislación vixente (Anexo II).
- b) Declaración xurada de non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desempeño das correspondentes funcións (Anexo III).

2.- A non presentación dentro do prazo indicado da documentación relacionada, agás nos casos de forza maior, ou cando da presentación dos documentos se desprenda o non cumprimento dos requisitos da convocatoria ou supostos de falsidade na solicitude presentada para tomar parte no proceso selectivo, dará lugar á invalidez das actuacións do aspirante e, xa que logo, a nulidade dos actos da comisión avaliadora en relación co aspirante e a imposibilidade de efectuar o seu nomeamento, sen prexuízo da esixencia das responsabilidades nas que puidese incurrir. Neste caso, o Presidente propondrá o nomeamento en favor do aspirante seguinte en puntuación obtida.

DECIMA.- NOMEAMENTO E FORMALIZACION DO CONTRATO

1.- Presentada a documentación polos/-as aspirantes, e sendo a mesma conforme, o Presidente procederá ó nomeamento do/da aspirante seleccionado/-a, e procederá a formalización do contrato laboral correspondente.

2.- Establécese un período de proba, conforme ó art. 14 do Estatuto dos traballadores. Transcorrido este período, se a persoa de que se trate o superase satisfactoriamente, adquirirá plena eficacia o contrato suscrito.

3.- Mentres non se formalice o contrato e non se incorpore ó posto de traballo, o/a aspirante non terá dereito á percepción económica de ningunha clase.

4.- Quen sen causa xustificada non concorrese a formalizar o contrato na data sinalada, perderá tódolos dereitos derivados do proceso selectivo.

DECIMOPRIMEIRA.- NORMAS FINAIS.

Primeira.- Para o non previsto nestas bases, será de aplicación supletoria o establecido na Lei Estatuto Básico do Emprego Público, na Lei reguladora das Bases de Réxime Local, na Lei de Administración Local de Galicia, na Lei de medidas para a reforma da Función Pública, no Texto Refundido da Lei da Función Pública de Galicia, no Real Decreto 896/1991, sobre regras básicas e programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local, no Regulamento de Selección do Persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, no Real Decreto 364/1995, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do Persoal ao Servizo da Administración do Estado e n ademais lexislación vixente que sexa de aplicación.

Segunda.- Os sucesivos actos e comunicación que se deriven da celebración do proceso selectivo faranse públicos exclusivamente, a través dos taboleiros de anuncios das sedes presidencial e administrativa do Consorcio de Turismo Ribeira Sacra.

Terceira.- Todos os actos administrativos derivados desta proceso de selección poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecidos pola Lei de Procedemento Administrativo e normas vixentes concordantes.

En Sober, a 29 de maio de 2018.

O Presidente,

Asdo.: Luis Fernández Guitián

ANEXO I: Modelo de solicitude

| | | | |
|-----------------|--|-----------------|--|
| NOME | | APELIDOS | |
| DNI | | TELÉFONO | |
| ENDEREZO | | | |
| E-MAIL | | | |

DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGA (sinalar con X e describir onde se indica) *:

| | |
|--|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| | FOTOCOPIA DO DNI |
| | FOTOCOPIA DA TÍTULACIÓN ACADÉMICA ESIXIDA |
| | De ser o caso, FOTOCOPIA DA DOCUMENTACIÓN QUE ACREDITE UNHA DISCAPACIDADE |
| | FOTOCOPIA DA TARXETA DE DEMANDANTE DE EMPREGO |
| | De ser o caso, FOTOCOPIA DA DOCUMENTACIÓN QUE ACREDITA PERCEPCIÓN POR DESEMPREGO Indicar os documentos que achega: |
| | De ser o caso, FOTOCOPIA DA DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DE PERTENZA A COLECTIVOS DESFAVORECIDOS OU RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL Indicar os documentos que achega: |
| | De ser o caso, FOTOCOPIA DA DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DE FORMACIÓN ACADÉMICA E COMPLEMENTARIA Indicar os documentos que achega: |
| | CERTIFICADO DA VIDA LABORAL |

En _____, a _____ de _____ de 2018. *(*) Todas as fotocopias presentaranse compulsadas*

Asdo.: _____ (Nome, apelidos e sinatura)

ANEXO II: Modelo de declaración xurada

D./Dña _____, con DNI _____, e domicilio en _____, declaro que reúno os requisitos necesarios para contratar coas administracións públicas, que non estou incurso en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade das previstas na lexislación vixente, que non fun separado mediante expediente disciplinario do servicio de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, e que non me atopo en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado.

E para que conste e produza os efectos oportunos no expediente de contratación de informador/-ra turístico/-a, asino a presente declaración, baixo a miña responsabilidade, en _____, a _____ de _____ de 2018.

Asdo: _____

ANEXO III: Modelo de declaración xurada

D./Dña _____, con DNI _____
e domicilio en _____,

DECLARO non padecer enfermidade nin limitación física ou psíquica incompatible co desenvolvemento das funcións correspondentes ao posto de informador/-ra turístico/-a.

E para que conste e produza os efectos oportunos no expediente de contratación de informador/-ra turístico/-a, asino a presente declaración, baixo a miña responsabilidade, en _____, a _____ de _____ de 2018.

Asdo: _____